



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE AGOSTO DE 2014

2.- Proposta da Concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa a Aprobación do Proxecto de Mellora do Alumeado Público na Zona da Almáciga.

A finalidade deste proxecto é a de realizar a definición da reforma da instalación de alumeado público da zona alta do barrio da Almáciga, concretamente esta actuación de mellora levarase a cabo nas rúas de Touro, Carballo, da Pastoriza e Travesa da Pastoriza.

Na actualidade as rúas desta zona dispoñen de luminarias antigas con báculos que na maioría de casos se atopan en mal estado, polo que se pretende facer unha remodelación do alumeado, substituíndo as actuais luminarias por equipos LED. Serán 30 farolas que estarán a unha altura de 10 metros. Doutra banda se instalarán 9 luminarias en escaleiras que estarán a unha altura de 4 metros.

Este novo alumeado non so se acenderá e apagará de forma automática en función da luminosidade, senón que ademais poderá ser xestionado desde o centro de control.

A realización deste proxecto suporá a implantación de 39 luminarias/farolas de LED. Obviamente, o uso da tecnoloxía LED suporá que o consumo pase de 23.530 KW/ano a 7.025 kw/ano. Isto traducido a custe económico ven a significar aproximadamente un aforro de 2.400 €/ano. O orzamento deste proxecto ascende a 45.975 € e ten un prazo de execución de dous meses.

3.- Proposta da Concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa a Aprobación de expediente de contratación das obras de renovación de viais e beirarrúas na Avda. Quiroga Palacios.

Trátase dunha actuación por importe de 650.000 euros que vai supoñer unha mellora substancial para unha rúa con evidentes deficiencias, que lle afectan ao estado do pavimento das beirarrúas, escaseza de pasos de peóns e ausencia de elementos de protección nas proximidades das escaleiras existentes no seu trazado.

No proxecto que se vai licitar propónse un novo reparto das áreas para a circulación de vehículos, cunha sección que potencia o tránsito peonil, a adecuación das áreas próximas ás escaleiras, a ampliación en número e ancho dos pasos para os peóns e unha mellora dos vaos para o acceso de vehículos aos edificios.

A actuación supón tamén unha mellora ambiental, e o soterramento da liña de eléctrica destinada á iluminación pública, aproveitando o levantamento dos pavimentos, que se repoñerán con novas baldosas de terrazo e bordes de granito nas beirarrúas, lastras de terrazo nas zonas de aparcamento e lousado continuo de formigón na zona de tránsito dos vehículos.

No tocante ás condicións de aparcamento, contéplase a eliminación da liña de aparcamentos no tramo máis estreito da rúa (entre o convento de Belvis e o Seminario) e mantéñense dúas liñas de aparcamento no resto do trazado (no que se atopan os edificios residenciais). Así, dispórase dun mínimo de 48 prazas de aparcamento, das que dúas serán adaptadas para persoas con mobilidade reducida.

O mobiliario existente vaise reutilizar, polo que se manterán as paradas de autobús e os bancos actuais.

4.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Patrimonio relativa á aprobación do expediente de contratación do mantemento de ascensores en Centros Socioculturais.

A Xunta de Goberno aprobo o expediente de contratación para o mantemento dos ascensores nos Centros Socioculturais. O concello de Santiago conta cunha ampla rede de 43 centros socioculturais que se estenden ao longo do tecido urbano da cidade e das 28 parroquias que integran o término municipal. Entre eles, hai 7 que contan cun ou máis ascensores: Fontiñas, Vite, A Trisca, A Rocha, Santa Marta, O Castiñeiriño e Villestro.

Con ese obxectivo aprobamos hoxe o inicio do expediente de contratación deste servizo por 4 anos que terá un custo total de 27.388 euros, distribuídos nas seguintes anualidades:

- 2014: 871,12 €
- 2015: 6.261,75 €
- 2016: 7.840,80 €
- 2017: 7.840,80 €
- 2018: 4.573,80 €

5.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Patrimonio relativa á aprobación do expediente de mantemento da climatización do Centro Social Santa Marta.

Aprobouse o expediente para a contratación do mantemento da climatización do novo Centro Social de Santa Marta, que conta con soto e dúas plantas dedicadas a potenciar as relacións sociais e a dinamizar e difundir a cultura, nun barrio da cidade en expansión.

Suporá un investimento total é de 12.196,80€ nos catro anos de duración, o que supón destinar 3.049,20€ por ano.

6.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública e da concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa á reordenación e nomeamento de órganos directivos.

A proposta da Concelleira de Urbanismo e do Concelleiro de Persoal a XGL tivo a ben aprobar os seguintes cambios na Área de Urbanismo:

Primeiro.-Modificar as denominacións dos Directores de Área desta Concellaría que quedará da seguinte forma:

- Director da Área Xurídica de Desenvolvemento Urbano e Sostible
- Director da Área Técnica de Desenvolvemento Urbano e Sostible

Segundo.-Nomear con efectos 1 de setembro de 2014 a D. José Ángel Oreiro Romar como Director da Área Xurídica de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Economía relativa á Transmisión da caseta da Praza de Abastos "NA334" a favor de JOSÉ ANTONIO MARTÍNEZ VECINO.

8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Economía relativa ao Traspaso das casetas núm. NC225 e NC226 da Praza de Abastos a favor de "HERNÁNDEZ Y CANABAL, S.C."

9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Economía relativa ao Traspaso das casetas núm. NC240 e NC241 da Praza de Abastos a favor de "DE RONCESVALLES A SANTIAGO, S.L."

10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Economía relativa á Autorización de traspaso da caseta núm. "CE25" da Praza de Abastos a favor de MARÍA JOSEFA CAMINO FERNÁNDEZ.

A XGL aprobou a transmisión destas casetas á vista dos informes favorables tanto do Consello Reitor da Praza de Abastos como da concesionaria da xestión da Praza de Abastos. No primeiro dos casos é unha transmisión por xubilación da titular polo que pasa o seu fillo unha vez que este presentou a solicitude. Nos outros tres casos son traspasos. O segundo e terceiro teñen un importe de 12.020,24 € cada un e, no último o prezo é de 6.010,12 €.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á aprobación do expediente de contratación de inspección fiscal.

Desde hai máis dunha década, o Concello de Santiago de Compostela ven realizando as tarefas de inspección e comprobación fiscal coa axuda de empresas especializadas. O contrato actual termina a finais de 2014 polo que procede iniciar a contratación deste servizo.

O 12 de xuño deste ano a propia Xunta de Goberno aprobou o Plan de Control Tributario para o exercicio 2014, segundo o establecido na Lei Xeral Tributaria 58/2003.

Este servizo terá unha duración de tres anos e terá un custo total de 320.000 €, que se distribúen entre o actual ano 2014 e o ano 2017:

- Anualidade 2014: 66.650 €
- Anualidade 2015: 320.000 €
- Anualidade 2016: 320.000 €
- Anualidade 2017: 253.350 €